



*ao Titular da Secretaría Xeral de Centros da Consellería de Educación*

**LOIS PÉREZ DÍAZ**, con DNI [REDACTED], en calidade de Secretario de Acción Sindical do STEG (Sindicato de traballadoras e traballadores do ensino de Galiza), **en relación ás partidas económicas relativas aos gastos de comedor e gasoil para a calefacción nos centros educativos públicos galegos**

### **EXPÓN**

–Que ditas partidas están a resultar insuficientes para moitos centros, pois tanto o prezo do gasoil e os prezos dos alimentos experimentaron unha importante suba nos últimos meses por circunstancias de todas/os coñecidas.

–Que tanto o feito de proporcionar unha axeitada temperatura nos centros neste momento do curso académico así como un correcto servizo do comedor escolar son elementos fundamentais para contribuír á calidade do ensino público.

–Que son moitos os centros que están a ter que renunciar ao desenvolvemento de determinadas actividades, proxectos e demais de carácter pedagóxico e educativo, para destinalos a gastos de calefacción e de comedor, cos perxuizos e alteracións da normal actividade educativa que este feito comporta.

–Que parece lóxico axustar e modificar as partidas económicas de ambas as dúas cuestións á tesitura actual, buscando equilibrar as mesmas co aumento do prezo anteriormente comentado.

E polo anteriormente exposto

### **SOLICITA**

que á maior brevidade a Secretaría Xeral de Centros actúe ao respecto, aumentando ditas contías naqueles centros onde estas partidas son insuficientes e non se axustan á realidade das súas necesidades actuais

asdo:

**Lois Pérez Díaz**

**Secretario de Acción Sindical do STEG**      **Lugo, 12 de xaneiro de 2023**